

INSTRUCCIÓN 1/2012-2013, DA VICERREITORÍA DE TÍTULOS, CALIDADE E NOVAS TECNOLOXÍAS, MEDIANTE A QUE SE ESTABLECEN AS GARANTÍAS DOS DEREITOS ACADÉMICOS DOS ALUMNOS DE TÍTULOS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER, QUE ESTÉN INCURSOS EN PROCESOS DE MODIFICACIÓN, SUPRESIÓN OU EXTINCIÓN DOS SEUS TÍTULOS OU DOS SEUS PLANES DE ESTUDOS.-

A vixente redacción do RD 1393/2007, do 29 de outubro, dada pola modificación efectuada polo Real Decreto 861/2010, do 2 de xullo, establece o procedemento a seguir para a modificación dos planos de estudos conducentes á obtención de títulos oficiais xa verificados. Este procedemento, para as Universidades pertencentes ao Sistema Universitario de Galicia, ven establecido no artigo 15 do Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, para a Universidade da Coruña, no capítulo IV do Título III da Normativa pola que se regulan as ensinanzas oficiais de Graos e Máster Universitarios, aprobada polo Consello de Goberno na súa sesión do 27 de xuño de 2012.

Estamos, xa que logo, ante un procedemento vivo, xa regulamentado, para o que se determina que as modificacións de planes de estudo conducentes a títulos universitarios oficiais de Grao e Máster Universitario serán aprobadas polas universidades, na forma que determinen os seus Estatutos ou normas de organización e funcionamento e o mencionado Decreto da Xunta de Galicia 222/2011, do 2 de decembro.

O mencionado Decreto tamén establece, nos seus artigos 16 e 17, que as universidades adoptarán as medidas necesarias para garantir os dereitos académicos dos estudantes que se encontren cursando estudos, cuxos planes estén afectados por unha extinción, ou por unha supresión destas ensinanzas.

Consonte co exposto e ao abeiro da facultade outorgada na Disposición final: "Desenvolvemento da normativa", da Normativa do Consello de Goberno pola que regulan as ensinanzas oficiais do Grao e Máster Universitario na UDC, aprobada con data do 27 de xuño de 2012 e, en tanto en canto o Consello de Goberno da UDC non aprobe un regulamento ao respecto,

Dítanse as seguintes **INSTRUCCIÓN**S:

Primeira.-

Os planes de estudio conducentes á obtención de títulos oficiais de Grao e Máster, modificados total ou parcialmente, ou afectados por un procedemento de extinción de planes de estudos ou supresión de ensinanzas, extinguíranse, agás casos excepcionais que precisarán da autorización do Reitor, ou Vicerreitor en quen delegue, temporalmente, curso por curso.

Segunda.-

Os alumnos de continuación dos estudos afectados proseguirán estes adaptando o seu expediente ao plan de estudos modificado, cando a modificación aceptada polo órgano competente consista en:

- a) Cambio de cuatrimestre ou de semestre dun módulo, materia ou disciplina.
- b). Cambio de pertenza dunha disciplina a unha materia, ou dunha materia a un módulo.
- c) Cambio de denominación dunha disciplina, materia ou módulo.

Terceira.-

Os alumnos de continuación dos estudos afectados terán dereito a finalizar os seus estudos polo plan de estudos polo que os comezaron, cando a modificación aceptada polo órgano competente, consista en:

- a) Cambio do número de créditos dos módulos, das materias ou das disciplinas.
- b) Cambio de carácter das materias ou das disciplinas.
- c) Cambio na natureza, obxectivos e competencias do título, que dará lugar a un novo título.

Cuarta.-

1. Os alumnos de continuación de estudos de Grao afectados por unha extinción do plan de estudos ou do título, por calquera das causas mencionadas no punto primeiro desta Instrucción, unha vez extinguido cada curso, disporán dunha convocatoria con dúas oportunidades de exame en cada un dos dous cursos académicos seguintes, incluído aquel no que se produciu a extinción, para superar as materias ou disciplinas pertencentes ao curso extinguido.

2. Os alumnos de continuación de estudos de Máster Universitario afectados por unha extinción do plan de estudos ou do título, por calquera das causas mencionadas no punto primeiro desta Instrucción, unha vez extinguido cada curso, disporán dunha convocatoria con dúas oportunidades de exame no mesmo curso académico no que se produciu a extinción, para superar as materias ou disciplinas pertencentes ao curso extinguido.

Quinta.-

1. Para o caso dunha modificación do plan de estudos, se esgotadas as convocatorias ou os prazos sinalados no punto anterior, sen que os alumnos superaren as probas, os que desexen continuar os seus estudos deberán seguiilos polos novos planos aprobados, mediante o recoñecemento de créditos que determine a UDC, se é o caso.

2. Os alumnos que se atopen nos casos especificados nos punto Cuarto desta Instrucción, non terán dereito a recibir docencia das materias correspondentes aos cursos extinguidos e pagarán o que se estipule para cada curso académico no decreto de prezos por servizos académicos universitarios, para a realización dos exames que correspondan.

A presente Instrucción entrará en vigor no curso académico 2013-2014.

A Coruña, a 15 de abril de 2013

O Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías

A blue ink signature is written over a circular stamp. The stamp features a stylized graphic of a double helix or a similar geometric pattern.

Asdo. Julio Ernesto Abalde Alonso